

1912-2012

Centenario da observación da eclipse de Sol no Barco de Valdeorras



Programa de actividades para o centenario da observación

MÉRCORES 28 MARZO

Observación pública da Lúa

- Das 21.00 ás 22.30. No aparcadoiro do Malecón.

XOVES 12 A MÉRCORES 18 DE ABRIL

Telescopios en tendas, establecementos de hostalería e locais públicos

XOVES 12 A DOMINGO 22 DE ABRIL

Exposición "Con 'A' de Astrónomas"

No Teatro Municipal "Lauro Olmo".

- De 19.00 a 21.00, todos os días.

MARTES 17 ABRIL

Charlas en Centros de Ensino

- 10.00, colexio Condessa de Fenosa: "Eclipses de Sol", a cargo de Salvador Bará (Astronomía na Beirarrúa).
- 10.30, no IES Marta Guisela: "O Sistema Solar", a cargo de Francisco Fernández (Taller de Astronomía Foula).
- 10.30, colexio Divina Pastora, "365 días de Astronomía", a cargo de Dosi Veiga (AstroGalicia).

- 12.30, IES Lauro Olmo: "O Sistema Solar", a cargo de Francisco Fernández (Taller de Astronomía Foula).
- 12.30, colexio Julio Gurriarán: "Eclipses de Sol", a cargo de S. Bará.
- 15.30, colexio Otero Pedraio: "Eclipses de Sol", a cargo de S. Bará.

MÉRCORES 18 DE ABRIL

Obradoiro para docentes: "A Astronomía como recurso no ensino"

- 18.00 a 20.00. A cargo de S. Bará. Salón de actos edificio usos múltiples, Concello Novo.

Charla pública de divulgación: "As mellores imaxes astronómicas de 2011"

- 20.00 a 21.30, no Teatro Lauro Olmo. A cargo de Dosi Veiga (AstroGalicia), tradutor oficial do APOD ("Astronomy Picture of the Day" da NASA) ao galego. Proxección vídeo eclipse 1912 elaborado polo Taller de Astronomía Foula.

Observación na rúa

- 21.30, no aparcadoiro do Malecón

da eclipse de Sol do 17 de abril de 1912 no Barco de Valdeorras

VENRES 20 DE ABRIL

Observación solar.

- 17.00, praza do Concello.

Acto central de conmemoración.

- 18.00, inauguración dun reloxo de sol no Malecón.

Visita guiada á expo "Con 'A' de Astrónomas".

- 18.30, visita guiada á Expo "Con 'A' de Astrónomas" acompañados pola súa Comisaria, a astrónoma Josefina Ling.

Xornada sobre a Eclipse de Sol do 17 de abril de 1912.

Salón de actos do edificio de usos múltiples - Concello Novo.

Programa:

Proxección vídeo eclipse 1912 elaborado polo Taller de Astronomía FOULA.

- 19.00: "A impermeabilidade universitaria para desenvolver a ciencia en Galicia: a liberdade de cátedra",

Ricardo Gurriarán (Universidade de Santiago de Compostela).

- 19.30: "Innovacións tecnolóxicas na observación da eclipse do 17 de abril de 1912", S. Bará.
- 20.00: "Algúns comentarios sobre aspectos colaterais á eclipse solar de 1912", José Ángel Docobo Durántez e Iván Fernández Pérez (Universidade de Santiago de Compostela).
- 20.30: "La participación de José Comas Solá, director del Observatorio Fabra, en el eclipse de 1912", Jorge Núñez (Reial Acadèmia de Ciències i Arts de Barcelona).

SÁBADO 21 DE ABRIL

Roteiro de sendeirismo nocturno

e Observación final na

Portela do Valado.

- Saída ás 19 dende da praza do Concello. Prazas limitadas. Inscripción previa ao longo da semana. Lugar de inscrición: nas actividades ou na 3ª planta do Concello.

As eclipses de Sol son un fenómeno astronómico que dende tempos antigos chamou poderosamente a atención da humanidade. Alén da súa espectacularidade, durante o século XIX e boa parte do XX as eclipses eran unha ocasión excepcional e case única para facer importantes estudos científicos sobre o Sol e a Lúa.

O 17 de abril de 1912, dous días despois do afundimento do Titanic, unha eclipse total-anular de Sol percorreu a Terra dende América Latina até Asia. A sombra da Lúa entrou na Península por Porto e o Norte de Portugal, pasando xustamente polo Barco de Valdeorras. Para estudar este interesante fenómeno o coñecido astrónomo e divulgador científico Josep Comas i Solà, do Observatorio Fabra, achegouse a esta vila comisionado pola Reial Acadèmia de Ciències i Arts de Barcelona. As observacións por el realizadas permitiron coñecer mellor a estrutura e composición do Sol e os movementos da Lúa e foron ocasión para a posta en práctica de importantes innovacións tecnolóxicas.

En lembranza do primeiro centenario daquela expedición científica e para compartir cos cidadáns e cidadás do Barco a afección pola Astronomía e o pracer da observación do ceo estrelado, as asociacións e institucións abaixo relacionadas organizamos conxuntamente este programa de actividades nas rúas, locais e centros de ensino. **Convidámosvos a todas e todos a participar!**

Comité Organizador



Astronomía
na beirarrúa

Puntitos en el cielo

Entidades Colaboradoras

